

Un breve comentario sobre a figura de Carvalho Calero ante as Letras de 2020

Como adoita acontecer cada ano a medida que nos achegamos á efeméride das Letras Galegas, vemos aparecer na prensa e noutros medios editoriais diferentes balances acerca da vida, obra e relevancia literaria do homenaxeado en cuestión. Dado que a maior parte destes textos son accesibles,¹ evitaremos aquí repetir o consabido, e limitarémonos a facer un breve comentario, estritamente persoal e escasamente ponderado, acerca da figura de Ricardo Carballo Calero dentro do panorama literario galego da segunda metade do século XX e a súa transcendencia tamén nestas décadas da XXI centuria, que, alén do valor das súas contribucións literarias no plano puramente artístico, ten que ver fundamentalmente por constituír este autor o principal referente intelectual do reintegracionismo lingüístico —que se vincula, á súa vez, tanto con posturas meramente intelectuais “culturais” (co que se pode chamar “nacionalismo cultural”, quizais) como coas reivindicacións independentistas e, máis raramente, con algúns idearios marxinais de escasa relevancia como poderían ser o do reintegracionismo político de Galicia en Portugal.

Ricardo Carballo Calero, nacido no Ferrol en 1910 e finado en Santiago en 1990, destaca en primeiro lugar por ser o primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galegas da Universidade compostelá, institución na que impartiu docencia entre 1972 e 1980, logo de ter sido catedrático de lingua e literatura castelás no Instituto Rosalía de Castro da mesma Compostela dende 1965, e antes diso, destacada figura no movemento de renovación pedagóxica que se deu na Galicia de mediados de século arredor do coñecido colexio Fingoi de Lugo. O seu tardío acceso á ensinanza universitaria debeuse á súa inhabilitación ata 1965 para exercer a docencia, que foi a forma na que a represión franquista caeu sobre quen se mantivera fiel á orde republicana durante a Guerra Civil de 1936-39. Como filólogo destacou pola súa monumental *Historia da literatura galega contemporánea* (1.^a ed. 1963), e pola *Gramática elemental del gallego común* (1966), editadas por Galaxia, principal plataforma de promoción e difusión dos estudos galeguistas dende a súa fundación en 1950 (o 25 de xullo, para máis *señas*).

Xa no tempo da súa xubilación é cando aparece publicada a súa obra literaria, froito dunha coidadosa depuración e preparación levada a cabo na década dos setenta, polo que refire Henrique Monteagudo (*vide infra*). Coincide pois a xubilación co período máis prolífico do autor e, nomeadamente, pola súa adopción do galego reintegrado na gramática orixinal galaico-portuguesa como opción lingüística; opción asumida, cómpre dicilo, sobre a sólida base do coñecemento filolóxico, e estimulada tamén, naturalmente, por unha clara orientación política discrepante coa liña que tomara o sector do galeguismo que máis se implicara na edificación do réxime autonómico de 1981, principalmente no referente á política lingüística e cultural. Apartábase pois Carvalho Calero (que con esta grafía pasou a asinar os seus libros) da liña digamos “oficialista” que representaban outros destacados persoeiros como Domingo García-Sabell ou Ramón Piñeiro. Datan desta época as súas compilacións poéticas *Pretérito imperfecto, 1927-1961* (1980) e *Futuro condicional, 1961-1980* (1982); o seu *Teatro completo* (1982), a destacada obra narrativa titulada *A gente da Barreira e outras historias* (1982), e sobre todo, queremos destacar aquí, a súa última novela, *Scórpico* (1987), que foi unha das nosas lecturas de adolescencia, e na que presenta Carvalho Calero de xeito maxistral un

¹ Poden verse, neste sentido, por exemplo: H. Monteagudo, “Ricardo Carballo [Carvalho] Calero”, *Real Academia Galega*, <<https://academia.gal/letras-actual>>; J. Arneiros Torcela, “Carvalho Calero también fue un gran educador”, *Faro de Vigo*, 30-VII-2019, <<https://www.farodevigo.es/opinion/2019/07/30/carvalho-calero-gran-educador/2147583.html>>; e tamén a páxina do Consello da Cultura Galega, “Ricardo Carballo Calero. Día das Letras Galegas 2020”, <<http://consellodacultura.gal/diadasletrasgalegas/2020/>>. Sobre a figura de Carvalho Calero no programa reintegracionista, pódese ver o artigo de J. M. Outeiro, “A estandarizaçom reintegracionista em Ricardo Carvalho Calero (1981-1990)”, *Agália*, n.º 59, pp. 351-359, tamén dispoñible a través de Internet a través do hipervínculo <<https://agalía.net/Agalia/059.pdf>>.

relato de fondo autobiográfico cuxo protagonista evoca o mozo miliciano republicano que o autor fora, e os destinos trágicos de tantas persoas que coñeceu e que caeron vítimas da represión franquista naquelas escuras décadas de 1930-1950.

A esta sucinta presentación do homenaxeado das Letras Galegas de 2020 temos aínda que engadir moi brevemente algunha valoración persoal. En primeiro lugar, coincidimos con tódolos que dende anos atrás veñen reivindicando que se lle dedicase este Día a tan significativa persoa nos campos filolóxico e artístico-literario. Certamente en parte pódese explicar o receo de moitos membros da Real Academia a elixilo como homenaxeado polas críticas incisivas que este autor fixo nos seus días da tendencia á que el se opuxera radicalmente, é dicir, ao modelo de galego normativo elixido e ás formas nas que promover o cultivo da lingua. Sen adherirmos nós á proposta e programa reintegracionistas, por considerar que a poboación galega é máis receptiva a un modelo gramatical como o do castelán —no que as grafías se corresponden coa pronunciación do xeito máis mimético posible, fronte ao que ocorre nos casos da gramática francesa ou da portuguesa, onde a correspondencia é máis complexa—, o certo é que aínda podemos nós tamén recriminar aos artífices da actual normativa e lexicografía galegas certa arbitrariedade nalgúns puntos e rixidez ou estreiteza noutros (non admitindo, por exemplo, certos cultismos, nin ofrecendo alternativas para numerosas palabras que circulan e son de uso común nas veciñas linguas románicas, tanto do portugués coma do castelán, entre outras). En definitiva, a figura de Carballo Calero parécenos que, lonxe de tratar de evitala como parece ser que algúns quixeron dar a entender durante algún tempo, debe ser considerada coa seriedade que merece tan principal actor da vida intelectual do galeguismo nos tempos da Xeración Galaxia, da fin do franquismo e dos albores da democracia, períodos clave sen cuxo coñecemento dificilmente podemos tomar consciencia da realidade política e cultural ou intelectual dos nosos días.

Antonio González López
Irixoa, 15 de maio de 2020